

III.- A CRISE DAS DEMOCRACIAS

Unha das consecuencias da Primeira Guerra Mundial foi a consolidación da **democracia** como sistema político na meirande parte dos países. A democracia é o resultado da evolución do liberalismo do século XIX. Por esta razón veremos que ambos sistemas políticos coinciden nos seus trazos característicos básicos.

Na época de entreguerras produciuse o cuestionamento da democracia porque se consideraba que como sistema político era **incapaz de solucionar os problemas da posguerra ou os derivados da crise de 1929**. Naqueles países cunha maior tradición democrática (países do norte e do occidente de Europa) a democracia e o sistema parlamentario mantiveron a súa solidez, pero nos países de Europa central, oriental e meridional o sistema democrático foi substituído na época de entreguerras por réximes políticos antidemocráticos, coñecidos polo nome xenérico de “**totalitarismos**”.



? 9.- Que sistema político é o **precedente** da democracia?

10.- En que países foi **substituída** a democracia por réximes totalitarios? Por que?

III.- A CRISE DAS DEMOCRACIAS


? 9.- Que sistema político é o **precedente** da democracia?

o 10.- En que países foi **substituída** a democracia por réximes totalitarios? Por que?



*A situación política en Europa cambiou tras a IGM. Os Imperios centrais desapareceron e en moitos países implantáronse **réximes democráticos**.*

*Pero as democracias nesa época eran fráxiles. Os seus primeiros anos desenvolvéronse nun momento de crise económica que xenerou graves **tensións sociais**, e nalgúns países chegaronse a producir levantamentos obreiros e campesiños. Entre as clases medias e altas estendeuse o **temor a que houbera unha Revolución comunista** como a de Rusia.*

*Neste contexto de crise política e económica, nalgúns países con pouca tradición parlamentaria impuxéronse **réximes autoritarios**, que prometían restablecer a orde e combater o avance das ideas socialistas e comunistas.*



► **A representatividade dos gobernantes:** Aqueles individuos que exercen funcións de Goberno nun Estado democrático son simplemente “representantes” do pobo que durante un determinado período **delega** neles a súa autoridade. Por iso fálase dunha “**democracia representativa**”. Aínda vencendo nunhas eleccións cunha maioría absoluta os gobernantes non poden esquecer que o pobo é en todo momento o *soberano*. Resultaría imposible por razóns económicas e por cuestións operativas que os gobernantes pediran continuamente a opinión do pobo (para iso hai eleccións cada certo tempo), pero ante problemas moi graves ou para tomar decisións de gran transcendencia existe a posibilidade de realizar un “*referendo*” (consulta directa ao pobo).



► **A separación e o equilibrio de poderes:** A democracia caracterízase moi especialmente pola existencia dunha **completa separación dos poderes do Estado**, que teñen unhas funcións específicas. Ningún poder do Estado pode situarse por encima dos outros porque debe haber un **equilibrio** entre eles. Lembremos que se establecen tres poderes dentro do Estado: 1) **executivo**.- función: gobernar; exercido polo Goberno da nación; 2) **lexislativo**.- función: legislar; exercido polo Parlamento ou Cortes; 3) **xudicial**.- función: administrar xustiza; exercido polos xuíces e polos tribunais de xustiza.



► **O pluripartidismo**: Aínda que en certos países democráticos (como por exemplo nos Estados Unidos de Norteamérica) predominan claramente dous ou tres partidos políticos sobre o resto, a democracia caracterízase pola presenza de **múltiples partidos ou coalicións políticas** entre os que os cidadáns poden optar nas eleccións para que os representen nos Parlamentos e nos Gobiernos.



? **11.- Define Democracia.**

o **12.-** Realiza un esquema no que se comparen as **características principais** do Estado democrático e o Estado liberal do s.XIX.

B.- FACTORES DA CRISE

Os principais factores que contribuíron á crise das democracias na época de entreguerras foron os seguintes:

► **As repercusións dos acordos da Conferencia de París** nos países vencidos (Alemaña, Austria...) e nalgún dos países vencedores (Italia). Consideraban que a paz fora unha imposición e culpaban aos seus réximes políticos (case sempre democracias moi débiles) de asinar os Tratados de paz. En moitos destes países foron gañando partidarios os partidos políticos antidemocráticos (fascismos).

► **A influencia da revolución comunista producida en Rusia** (Revolución Bolxevique de 1917) porque contribuíu a crear en moitos países democráticos un clima de axitación na sociedade. As clases populares desexaban imitar o seu exemplo, e os grupos dominantes buscaban impedilo a toda costa.



Propaganda bolxevique que alentaba á revolución socialista internacional.

► **A repercusión negativa das crises económicas**, tanto a producida nos anos posteriores ao remate da Primeira Guerra Mundial, como a desencadeada a partir da crise de 1929. Unha parte importante da poboación responsabilizou ao sistema democrático desas crises económicas.

► **O fracaso da Sociedade de Nacións** no que se refire ás relacións internacionais viña a reflectir o fracaso do espírito democrático nas relacións entre os países.



A **democracia mantívose** en Estados Unidos e nos países con maior tradición liberal, como Reino Unido e Francia. Outros Estados do centro, leste e sur de Europa adoptaron **sistemas ditatoriais**. Neste período xurdiron os tres réximes que son paradigma do totalitarismo: **fascismo** en Italia, **nazismo** en Alemaña e o **comunismo**, implantado na URSS xa antes do fin da Gran Guerra.

► **O mal funcionamento do sistema democrático**, especialmente nos países nos que a democracia era recente e non estaba plenamente consolidada (Europa central, oriental e meridional). Nestes casos desenvolvéronse Estados de carácter totalitario.



? 13.- Cales foron os **factores** que provocaron a **crise das democracias**?



A.- CARACTERÍSTICAS DO ESTADO DEMOCRÁTICO



11.- Define *Democracia*.


12.- Realiza un esquema no que se comparen as **características principais** do Estado democrático e o Estado liberal do s.XIX.



PRINCIPIOS POLÍTICOS	LIBERALISMO	DEMOCRACIA
<p>Dereitos dos individuos</p> 	<p>Diferenciación entre os <u>dereitos naturais das persoas</u> (inalienables: vida, liberdade...) e os <u>dereitos cidadáns como membros da Nación</u>, poden existir <u>limitacións</u> (por ex: sufraxio censatario)</p>	<p><u>Os dereitos naturais ou humanos e os políticos e civís deberían ir “unidos”</u></p> 
<p>Igualdade xurídica</p>	<p>A lei debe ser a mesma para todos os <u>cidadáns</u> → non todos os habitantes!!</p>	<p>A lei debe ser a mesma para todos os <u>cidadáns</u> → si todos os habitantes!!</p>
<p>Soberanía</p>	<p>Soberanía Nacional: o poder político reside no conxunto dos individuos (cidadáns!) que forman a Nación, que o delega nos seus representantes.</p>	<p>Soberanía Popular, que concede o poder político a todos os membros do pobo (maioría de idade).</p> 

PRINCIPIOS POLÍTICOS

Representatividade dos gobernantes



LIBERALISMO

O Estado liberal era un sistema **representativo**; o **sufraxio** era, en principio **censatario ou restrinxido**, xa que unicamente podían participar como electores ou ser elixidos os homes que posuían un determinado nivel de riqueza.

DEMOCRACIA

A democracia actual é tamén **representativa**; contempla a existencia do **sufraxio universal**, que permite votar e ser elixido a calquera persoa sin ter en conta a súa posición económica, sexo ou calquera outra condicionante.



Separación de poderes


A Nación ou pobo delega a súa autoridade en tres “poderes”: **executivo**, **lexislativo** e **xudicial**. Ningún destes poderes pode estar por encima dos outros, tendo que manterse en equilibrio.

Pluripartidismo




As distintas “**tendencias políticas**” (conservadores/progresistas) que había no Parlamento estaban lonxe de converterse nos actuais partidos, xa que carecían da súa implantación social. No sistema liberal a política era cousa de moi pouca xente...

Presenza de **múltiples partidos** ou coalicións políticas entre os que os cidadáns poden optar nas eleccións para que os representen nos Parlamentos e nos Gobernos.



B.- FACTORES DA CRISE



? 13.- Cales foron os **factores** que provocaron a **crise das democracias**?

Os rancores acumulados tras a Primeira Guerra Mundial, a dura posguerra e a crise económica tras a Gran Depresión axudaron a formar unha corrente de opinión contraria ao sistema democrático, ao considerar que o parlamentarismo fracasara.

Os Estados que adoptaron réximes autoritarios ou totalitarios contaron con diferentes apoios:

*- Os obreiros e os campesiños, que sufriron gravemente a crise, intensificaron o seu apoio aos **partidos comunistas**. A Unión Soviética, cunha industria que medraba enormemente nos anos 30, converteuse para eles no modelo a seguir.*

- A clase social media e os sectores máis conservadores, descontentos polo descenso do seu nivel de vida a causa da crise, rechazaban o sufraxio universal e a igualdade de dereitos das masas, pois veían perigar a orde social e temían a propagación dos partidos e movementos obreiros.

- O gran capital, desexoso de deter o auxe do comunismo.

- Moitos excombatentes, descontentos pola súas dificultades para reinsentarse na sociedade.

*- En xeral, apoiaron a **partidos de extrema dereita**, pois consideraban que os partidos máis moderados eran incapaces de sacar aos seus países da crise e evitar a Revolución comunista.*

Nos réximes totalitarios un único partido controlaba todos os poderes do Estado, impuxéronse canons de conduta e de pensamento a toda a poboación e perseguiuse cruelmente calquera oposición. As liberdades e os dereitos humanos quedaron suprimidos.

IV.- OS RÉXIMES POLÍTICOS TOTALITARIOS.

CARACTERÍSTICAS COMÚNS

O termo “**totalitarismos**” foi introducido para designar aos Estados do século XX, e máis concretamente da época de entreguerras, que tiñan un carácter profundamente **antidemocrático**. En todos eles assistimos ao **predominio do Estado sobre os individuos**, impondo unha ideoloxía dominante en todos os aspectos da vida.



Estes Estados presentaban entre eles bastantes diferenzas, pero é posible establecer unhas características comúns a todos eles:

- Existencia dun dirixente que se comporta como un **líder**, considerado infalible e que **concentra o poder na súa persoa** (Stalin, Hitler, Mussolini).
- **Presenza dun partido único**, fortemente disciplinado e subordinado ao líder. Dentro deste partido non caben as opinións diferentes. Tamén está prohibida calquera posible oposición.
- **Non se recoñecen as liberdades e os dereitos das persoas**. Rexeitan a igualdade e defenden a superioridade dunhas razas sobre outras.
- **Control e manipulación dos medios de comunicación por parte do Estado** que realiza a través deles unha activa propaganda para lograr o control económico e social.





O concepto de **totalitarismo** non se usou ata despois de 1945 para referirse aos tres sistemas ditatoriais máis representativos da época de entreguerras: o Estado comunista na U.R.S.S. (especialmente durante a etapa de goberno de Stalin); o Estado fascista italiano (goberno de Mussolini) e o Estado nacional-socialista alemán (goberno “nazi” de Hitler).

- ? 14.- **Define** Totalitarismo.
- ? 15.- Indica as **características** que tiñan **en común** este tipo de Estados.
- 16.- **Cales** eran os Estados totalitarios máis representativos da época de entreguerras?



THE HARMONY BOYS



El modelo totalitario

Se prohibía la existencia de otros partidos. El partido único cumplía un rol fundamental en la tarea de construir al "hombre nuevo", por lo que estaba prácticamente fusionado con el Estado.

Partido único

Imposición de una ideología de carácter globalizador, pues se aplicaba a todos los aspectos de la existencia humana.

El Estado controlaba los medios de comunicación y la educación, usándolos para difundir propaganda política que permitía fortalecer la ideología dominante. También intervenía en organizaciones sociales, como sindicatos, asociaciones de jóvenes, etc.

Fuerte represión a las personas u organizaciones que se opusieran a la ideología dominante.

Estado

Sociedad civil

Los individuos estaban subordinados a él. Era concebido como un **vehículo para crear una sociedad nueva**, que debía regirse de acuerdo a la ideología dominante, impuesta a todos.

Presencia de un **líder ampliamente respaldado por la ciudadanía**. Este apoyo se explicaba tanto por el carisma del líder, como por la propaganda estatal.

IV.- OS RÉXIMES POLÍTICOS TOTALITARIOS.

CARACTERÍSTICAS COMÚNS

- ? 14.- Define *Totalitarismo*.
- 15.- Indica as **características** que tiñan **en común** este tipo de Estados.
- 16.- **Cales** eran os Estados totalitarios máis representativos da época de entreguerras?

¿Qué Son los totalitarismos?

- Son Sistemas políticos
- El Estado interviene en toda la vida de la persona
- No existen las libertades de expresión, personales o de agrupación
- El poder se concentra en manos de un único partido político
- Se utilizan **símbolos** creados por el gobierno
- Se caracteriza por el culto a un líder carismático

